Estamos preparando…

# MÚSICA
# NO
# MOSTEIRO

## O CANTO GREGORIANO

# ORA ET LABORA.

Esa era a regra bieita, unha compilación de normas que Bieito de Nursia escribiu a principios do século VI e que rexeu a vida monacal en xeral e as cuestións relativas á música en particular, pois o canto era o xeito de recordar as oracións e tamén de adornalas e facelas máis solemnes.
A orde bieita foi unha das impulsoras da unificación da liturxia en Europa e polo tanto á implantación do Canto Gregoriano.



# OS OFICIOS DIVINOS

Sesións diarias de oración nas que participaban unicamente os monxes, chamadas tamén Liturxia das Horas ou Breviario. O horario é relativo, e cambiante segundo estación do ano. En todas se cantaba.

**Maitines**: antes do amencer.

**Laudes**: ao amencer.

**Prima**: primeira hora despois do amencer, sobre as 6:00 da mañá

**Tercia**: terceira hora despois do amencer, sobre as 9:00

**Sexta**: mediodía, a las 12:00 despois do Ángelus no tempo ordinario o el Regina Coeli en Pascua.

**Nona**: sobre as 15:00, Hora da Misericordia.

**Vísperas**: tras o solpor.

**Completas**: antes do descanso nocturno, ás 21:00.

# A MISA

Liturxia na que participaban os monxes e tamén podía participar o pobo, separado deles. Na misa tamén era moi importante o canto. Divídese en:

**Ritos iniciais**: Saúdo, acto penitencial, Gloria, etc.

**Liturxia da palabra**: Primeira lectura, salmo, segunda lectura, aleluia*, evanxeo, homilía, Credo, etc.

**Liturxia eucarística**: Ofertorio, Santo, consagración, Doxoloxía, Noso Pai, Rito da Paz, Comuñón, etc.

**Ritos de despedida**: Bendición e despedida.

A liturxia Romana foi a que se impuxo co tempo, pero anteriormente existían outras (hispánica ou mozárabe, ambrosiana, galicana, etc.)

# A MISA

Os cantos da misa divídense en dous tipos:

O “Propio”: Cantos que cambian segundo a festividade e a época do ano. Por exemplo: o Introito (introdución), o Aleluia, o Ofertorio, a Comuñón, etc.




Introito do Día de Nadal.




Secuencia do Día de Defuntos.

O “Ordinario”: Cantos que non cambian.
Por exemplo: o Kyrie, o Creo, o Pater Noster, o Sanctus, o Agnus Dei, etc.

# O CANTO GREGORIANO

Para unificar a liturxia e atallar as herexías, o papa Gregorio Magno promoveu unha recompilación de cantos que actualmente se denominan Canto Gregoriano, que é ata hoxe o canto oficial da Igrexa Católica.

Foi ademais decisivo na unificación do Imperio carolinxio e na conformación da identidade europea.

## SAN GREGORIO MAGNO EN ACCIÓN

A tradición da Igrexa di que o Espírito Santo en forma de pomba ditou os cantos ao papa…
O cadro é de Domenico Fetti, arredor do 1600.



# CARACTERÍSTICAS DO CANTO GREGORIANO

-Función litúrxica.
-Sinxelo, con pouco ámbito e case sempre movéndose por grados conxuntos (por iso se chama tamén *canto chan*).
-En latín (algúns, moi poucos en grego).
-Interpretado *a cappella.*
-Oficialmente interpretado por hombres, también se cantaba en los conventos femeninos.
-Monódico.
-Ritmo fluído ou libre, rexido polo texto (*prosódico*).
-Anónimo.
-Modal: 8 modos, segundo nota “finalis” (tónica) e “dominante” (nota do recitado), e ámbito. Son:
Protus Auténtico (I) , Protus Plagal (II),
Deuterus Auténtico (III), Deuterus Plagal (IV),
Tritus Auténtico (V), Tritus Plagal (VI),
Tetrardus Auténtico (VII), Tetrardus Plagal (VIII)



# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO

O grande mérito do canto gregoriano foi sentar as bases da escritura musical actual.

**La escritura musical no es una invención moderna, sino el resultado de un largo proceso. La primera forma de escritura musical se dio entre los siglos VIII y IX , hoy se conoce como notación neumática.**

**Los neumas eran signos elementales que se colocaban sobre cada sílaba del texto y servían de guía para recordar la melodía que debía ser cantada perteneciente a un repertorio conocido de antemano.Los cuatro neumas elementales son: *punctum* , *virga* , *clivis* , *podatus***

**Los neumas no indicaban ni la altura relativa del sonido ni el ritmo de la melodía, sino que monstraban el sentido o la dirección que debía tener la línea melódica. (Por ejemplo: la virga indica ascenso hacia el agudo, el punctum, el descenso hacia el grave, el clivis un ascenso seguido de un descenso, etc.)**



**Manuscrito de Laon. 930**



**Hacia 1150, estos neumas adoptaron una forma más definida** **<u>Notación cuadrada</u>.**

**La escritura musical conoció una importante evolución al sustituir la caña por la pluma de ave que dejará un trazo cuadrado sustituyendo el sistema de neumas anterior.**



# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO

**En el siglo X comenzaron a usarse líneas para señalar con cierta exactitud la altura de los sonidos musicales. Al principio una línea roja trazada sobre el pergamino señalaba el sonido Fa y servía como referencia para los demás sonidos, luego se añadió una segunda línea de color amarillo que representaba un DO y, finalmente, el monje benedictino Guido D´Arezzo (995-1050) añadió otras dos más, creando el tetragrama o pauta de cuatro líneas.**






Guido D’Arezzo “inventó” os nomes das notas musicais a partir dun himno a San Xoán Bautista.

# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO: EVOLUCIÓN



Escritura adiastemática (sen altura fixa)
“in campo aperto”.




Diversos estilos de escritura Adiastemática.

# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO




Primeiras liñas:
Escritura diastemática:
Con altura concreta.

Primeiras claves



# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO




Claves




Neumas




Neumas no tetragrama

# ESTILOS DO CANTO GREGORIANO

Unha nota por sílaba

Dúas, tres, catro… notas por sílaba




Unha morea de notas por sílaba: o máis adornado.

Recurso procedente da web *anaprofemusic*

# ESCRITURA DO CANTO GREGORIANO




Clave de Do

Parte da misa: Introito

Modo 7: Tetrardus Auténtico

Et in secula seculorum, Amén

Entrada do coro

Nota de aviso

Respiracións

Melisma

Comezo do Salmo

# MOBILIARIO E ÚTILES PARA O CANTO: OS COROS

Orar e cantar eran actividades que tiña lugar no CORO da igrexa, equipado con sitiais e misericordias e situado na nave central ou nos pés do templo.





# MOBILIARIO E ÚTILES PARA O CANTO

Pola parte de abaixo da cadeira adoitaban esculpirse decoracións chamadas “misericordias”, que permitían ao esgotado monxe cantor un mínimo apoio mentres aparentaba estar en pé.
A iconografía destas decoracións era variada, pero sempre profana, pois non era de recibo apoiar as posadeiras en símbolos sagrados.



Aquí no mosteiro de Celanova temos dous coros: o coro alto e o baixo. O actual coro alto non está no seu lugar orixinal, e situouse aquí para poder conservalo e construír outro na nave central do templo.





Vista lateral do coro alto



Coro baixo, na nave central.

É obra de Castro Canseco, de finais do XVII. Narra a vida do fundador do mosteiro, San Rosendo, e do titular da orde, San Bieito.

Tamén se podía cantar “en marcha”, procesionando polo claustro.

O noso “Claustro Barroco” era tamén chamado “Claustro das procesións”, como as de Ramos, as do Sepulcro ou a do Santísimo en Corpus Christi, cando se cantaba o famoso “Pange Lingua”



# O FACISTOL

Un facistol ou facistolio é un atril. Pero de enormes dimensións. É xiratorio e ten catro vistas, para que dende todos os lugares do coro, incluído o do director, se poidan ver os breviarios.



alamy

Image ID: MGMKYG
www.alamy.com

2021/22

IES CELANOVA
CELSO EMILIO FERREIRO
MÚSICA